

Nin acougo no Panteón de Galegos Ilustres

erra de cegas adoracións e oracións, a que algo reclama, a que ten como enseñas, sobre o branco e o azul suaves, un cáliz de viño e un anaco de pan a compartir. País con milleiros de xordos padroeiros e veneradas santiñas, ás que temudamente recurrímos. Peregrinaxe, viacrucis, desagravios, ascese... Señor, aparta de Nós este cáliz, que se quere colmar de provocacións.

Pese á vocación de Galiza e de Compostela a tanta Historia e mitos, acontece o contrario. Confins simbolizados pola viaxe, estrela, encrucillada, romaría, vello cemiterio, Quintana que abre portas para escenificar camiños de encontro, feira e diálogo. Lección a impartir. Así se veu facendo e así nos recibe a imaxe do intuíto do Mestre, sentado baixo as limeras do pórtico do seu templo e sobre o seu sartego, panteón da reis de Galiza. Legado material e espiritual que require sensibilidade, que compre manter e mellorar. Encontros do que nace ó Verbo, a relación, os idíomas, a cultura. O camiño fuse o andar e polas súas obras conéctemolos. A Igrexa que se simboliza no Cristo escarnecido que todo da e se entrega para confundirse co Pan e co Viño do traballo compartido perde o camiño: desencontro, enredo, provocación, división, anormalidade.

O templo de Santo Domingo de Bonaval é parte do convento, continente e contido da Historia, consagrado no 1230, obras seguidas especialmente no Barroco, entón mecenadas polo mexicano arcebispo de Compostela Monroy, para ter presenza aquí grandes arquitectos: Domingo de Andrade, Leonel de Avalle, Gaspar de Arez... para abrirse a Compostela despois do camiño, no popular barrio das lendas do Home Santo, da rúa de San Pedro, das costurernas, das lembradas Marias, do gaitero Basilio Cartil, das candeas da Caramoña que soben a Santa Clara, onde o escultor Asorey co saber dos canteiros divinizou Galiza. Mosteiro que se di fundido nunha das súas duas peregrinaxes, polo mesmísimo santo predicador de santo, rosario e espada contra as herexías de herdo maniqueo oriental, Domingos de Guzmán, mendicante que tiña como lema "contemplar e ensinar". Obra iniciada baixo a protección dos Condes de Altamira. Altares onde se venera a imaxe pétrea e policromía da Virxe de Bonaval que inspirou a xogares, berce do trobeiro do século XIII, Bernal de Bonaval, que con Fernando o Santo participou en campañas contra mouros, onde no século XIV, Vicente Ferrer sermonou, para logo coller camiños da Bretaña megalítica e céltica. Nun altar conservase a reliquia da varanda de ferro do púlpito daquelas amedrentadoras predicas de diluvios e inferno.

Arquitecturas que apuntan o céo, para acoller medos e amortillados de esperanza, templo-panteón do máis florido da fidalguía, emparentada coa casa de Altamira: Moscoso, Ulloa, Andrade, os Condes de Maceda... testemuño dos avatares históricos, de contubernios fidalgos e do clero, do desacougo irmánido, da desamortización do 1835, do abandono e da recuperación, cunha capela ben coñadada e a súa parte exterior que é cementerio privado da Confraría do Rosario, para médicos, cadeirádegos, comerciantes, ó que se accede pola antiga Porta de Bonaval, presidida pola imaxe da Virxe sobre aquél epígrafe que conta a lenda do milagre polo que o ferreiro Xoán Tuorum se liverou da forca, despois de implorar a imaxe un "ven e valme..." pra axiña caer morto no mesmo portal, probando así a súa inocencia.


A finais do Romanticismo unha nova iniciativa parte dos galegos en Cuba, á que se suma a Sociedade Económica de Amigos do País, sendo seu presidente o xurisconsulto, discípulo de Brañas, Xoaquín Díaz de Rábago, a de non deixar arrumar e converter o templo de Bonaval en espazo laico, Panteón de Galegos Ilustres. O sentimento galego, a xenerosidade e a "suscripción nacional" fixo o demais:

O LABIRINTO DO ALQUIMISTA

FELIPE
SEÑEN



"...al que seguirían en todas las capillas, por voto del pueblo gallego, otros monumentos semejantes y dignos de la Historia". Os restos de Rosalía, finada no 1885, foron trasladados no 1891 con todas as honras e pese o sentir dos padronenses, dende o cemiterio de Adina en Iria a Bonaval á Capela da Visitación, a que forá antiga Sala Capitular do convento e logo dedicada a Santos Domingos de Suriago. O Arcebispado de Compostela, guiado polas sombras da tradición inquisitorial, novamente atraícase nos camiños de Galiza e mesmo nega a oración línteme. E non damos "a



esquecemento dainxuria...". Pouco máis tarde tamén pasaron a esta mesma capela as cinzas daquel que co verbo aguillaba a labregos e universitarios, o que recuperaba o herro irmánido "Deus fratesque Gallaecia", ou o de "Ergue Galiza e anda... como en Irlanda...", as do catedrálico Alfredo Brañas, finado no 1900, o que inicialmente fora enterrado no cementerio da Confraría do Rosario no mesmo Bonaval. Tumbas feitas e sentir romántico, historicista demoníaco, a de Rosalía obra de Xesús Landeira, a de Brañas de Raúl de La Torre. Por todo declarase o conxunto Ben de Interese Cultural (30/12/1912) co conseguinte amparo administrativo.

Panteón de Galegos Ilustres, con algo de desacouganxe catacumba de silencios e humidades, farol de luces e sombras tristezas, punto de encontro para os que a "nosa voz entenden", cada tardío do 25 de xullo, xa en anos de censuras, para unha misa en galego, e para outros rituais de retórica, incenso e loureiro. Nos anos sesenta o Concello de Com-

postela false cargo deste espazo e desde o 1977, cando inauguración do Museo do Pobo Galego, unha das aspiracións de Castelao expresa nos seus mitins, agora retomada polo Colexio de Arquitectos de Galiza, polos herdeiros do Seminario de Estudos Galegos, da Xeración Nós e de moitos bos e xenerosos... abriu estes espazos a Galiza e ós galegos. No 1984, na capela inmediata, a que forá da Veracruz e logo do Santo Cristo, acollerá os restos de Castelao, traídos dende o exilio en Buenos Aires, quen deu todo seu saber e fuerza para dignificar Galiza.

Os poderes públicos non se preocupan e unha Igrexa que semella adoecida ou desnortada, parecéndose máis ás mercadoras e prefeiteiras, volta a ser dona e señora, e quiere selo tamén dos egrexios defuntos e das vellas arelas. A mesma que en tantas ocasións apártase do idioma e mesmo da Misa en galego, pero que xoga cos sentimentos, que administra as estmolás ós santísimos das nosas intimas devocións, a que, segundo tradición, se lle entrega o X na súa casinha de declaración da renda, coa que se colabora en reteclar templos, manter espaldas... reclama e por unha sentenza xudicial gaña e recobra os espazos de Bonaval que no 1835 pasaron a ser laicos. Mal aval. O Arcebispado solicita as chaves do templo ó Concello compostelán e ante a sorpresa, o 11 de maio do 2010, pecha o recinto ate agora que se toma conciencia e mobilización colectiva, para asinar un convenio renovable coa Xunta, coas consecuentes condicións de uso e a creación dunha comisión mixta. Namentes desacougo, descreto e división.

O Panteón de Galegos Ilustres debe estar aberto, seguir a mesma tradición dos "bos e xenerosos" que lle deron os seus creadores e os xerentes do Museo do Pobo Galego, os que desde anos atrás xa viñan advertindo ó Parlamento da "necesidade de desbloquear a situación do Panteón de Galegos Ilustres, para dignificalo e darlle contidos acordes co seu nome". No 2008 renovouse o acordo, tratouse de invólucrar na cuestión ó Consello da Cultura Galega, á Real Academia Galega, ós diferentes padroados e fundacións relacionados cos defuntos do Panteón... Portas abertas para a educación, para explicar esa parte da divindade que temos que é a Arte, as letras e os que a cultivan. Algo así dixo o mais grande dominico que era Tomás de Aquino. Sartegos con "po enamorado": Rosalía, Brañas, Castelao, Caballeras, Asorey, Fontán... alcunios deles desenterrados, desterrados dos cemiterios que anaban:

"herbiñas do camposanto,
onde meu paí se enterrou,
herbiñas que biquei tanto,
terrña que nos criou..."
cantou Rosalía, como Cabanillas ó seu Cambados natal, no Fefiñás, onde quixó estar, para deixar como derradeira vontade que no seu sartego puxaran este epitafio:
"Quero na lousa que me dé sosego
esta palabra que ten aas:
poeta,
e esta palabra que ten luz:
galego"

O Castelao rianxeiro seguirá á luz da raiola da "Alba de Glória", da Galiza que está onde está o seu idioma, que tanto significa e nos distingue, feito de aventuras e desventuras no camiño. Baril idea a da Asociación de Escritores en Lingua Galega neste 15 de xullo, 125 anos despois do pasamento de Rosalía —e nun Ano Santo Xacobeo pretendioso e chocó—, a de commemorar o traslado dos seus restos dende o camposanto de Adina a Bonaval, para avivar memoria do que seguimos a SER